

**ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach**

Dirección do proxecto	
Nome: Jorge Eduardo Vila Biglieri	
Enderezo electrónico: biglieri@uvigo.es	Teléfono:
Co-dirección do proxecto	
Nome:	
Enderezo electrónico:	Teléfono:
Bienio: 22/24	
Nº Participantes (máx.4):	

Título

Deseño e verificación das técnicas operativas de investimento nos mercados financeiros

Resumo

O profesorado involucrado conta cunha extensa base de datos (*Big Data*) desde 2017, así como co software para facer consultas, e poraos a disposición das persoas participantes, que deberán estudar diferentes técnicas e desenvolver unha que será obxecto de avaliación en tempo real durante o período de proba con diñeiro virtual. O profesorado involucrado ten experiencia en cursos avanzados de formación nos mercados de capitais así como nas ferramentas de *Thinking Process* para deseñar os algoritmos que levarán a cabo as operacións de *trading*. Os coñecementos de matemáticas, lóxica e estatística aseguran a súa idoneidade no ámbito das materias STEM.

Obxectivo

O obxectivo é desenvolver técnicas operativas rendibles coas que asegurar a independencia financeira das persoas participantes e/ou crear unha *fintech* para xestionar o exceso de liquidez da sociedade galega. Asemade, os/as partícipes obterán una visión financeira que lles permitirá xestionar as súas finanzas persoais.

Plan de traballo

Dependendo dos coñecementos e aptitudes do estudiantado, impartiráselle os conceptos básicos sobre investimento e toma de decisións en ambientes con alta incerteza. A maior parte do proxecto consistirá na práctica en tempo real de diversas políticas coñecidas na plataforma do *bróker*, nas análises dos resultados e dos cambios que poden incrementar a estabilidade do investimento.

Actividades complementarias

Competición en Bolsa, as/os participantes axudarán no deseño, promoción, xestión e nomeamento das/dos gañadoras/es que poden ser do mesmo estudiantado STEMBach ou as súas/os seus compañeiras/os de Bacharelato do centro ou doutros centros, así como a comunidade universitaria ou o público en xeral. A nosa experiencia na Competición en Bolsa 2020 demostrou que existe interese na sociedade neste tipo de eventos divulgativos.